



---

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O  
DÍA 21 DE XANEIRO DE 2016  
Núm. 01/16**

---

**Lugar:** Casa consistorial do Concello de Bueu. Salón de sesións

**Data:** 21.01.2015

**Hora da convocatoria:** 21.00 h

**Hora de comezo:** 21.00 h

**Hora de remate:** 21.55 h

**Sres. asistentes:**

**Alcalde.-**

**D. FÉLIX JUNCAL NOVAS**

**Concelleiros.-**

**Polo Grupo BNG-ASEMBLEAS ABERTAS**

**DON MARTIN VILLANUEVA PASTORIZA**

**DON JUAN CARLOS EIREA EIRAS**

**DONA ANA ISABEL OTERO PASTORIZA**

**DON JOSE INOCENTE GARCIA CUERVO**

**DON FIDEL CASTRO QUIROGA**

**DONA MARÍA JOSÉ PÉREZ PIÑEIRO**

**DON MANUEL OTERO PÉREZ**

**DON XOSE LEAL FARIÑA**

**DONA M<sup>a</sup> TERESA LÓPEZ GONZÁLEZ**

**DONA SILVIA CARBALLO GONZÁLEZ**

**DONA INMACULADA CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ DIAS** (toma posesión do cargo de concelleira no segundo punto da orde do día)

**Polo Grupo PARTIDO POPULAR**

**DONA BERTA PÉREZ HERNÁNDEZ**

**DON MANUEL SANTOS PIRES**

**DONA MERCEDES DEL PILAR OTERO GONZALEZ**

**Polo Grupo PSdeG-PSOE**

**DON JOSE MANUEL VILAS PASTORIZA**

**Polo Grupo SON**

**DON JULIO VILLANUEVA GONZALEZ**

**Secretaria**

D<sup>a</sup> Nuria Lobato del Río

**Interventor**

D. Sergio Curra Moreira

No Salón de plenos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 21:00 horas do día 21 de xaneiro de 2016, reúnese o Pleno da Corporación Municipal, baixo a Presidencia do sr. alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao mes de xaneiro, coa seguinte orde do día que resulta da resolución da Alcaldía núm. 12/16 de data 18 de xaneiro de 2016 e notificada ós membros da mesma:

1. *Aprobación da acta da sesión anterior:* núm. 15/15 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O PASADO 10 DE DECEMBRO DE 2015
2. *Toma de posesión do cargo de Concelleira da Corporación Municipal de D<sup>a</sup> Inmaculada Concepción Rodríguez Días*



3. *Proposta de Alcaldía relativa ao requirimento previo á adxudicación no expediente de contratación para o arrendamento dun ben inmovible (local de oficinas) por concurso público para destinalo a oficina municipal.*
4. *Proposta de Alcaldía relativa á aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2016.*
5. *Dación conta das resolucións de alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria.*
6. *Dación conta dos reparos de legalidade formulados polo interventor do concello dende a derradeira sesión ordinaria.*
7. *Rogos e preguntas*

Comprobada a existencia de quórum esixible para a celebración da sesión, polo sr. alcalde declarase aberta a sesión.

## **1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: NÚM. 15/15 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O PASADO 10 DE DECEMBRO DE 2015**

Pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 15/15 da sesión ordinaria da corporación municipal, correspondente ao mes de decembro, celebrada o pasado 10 de decembro de 2015.

O sr. Vilas Pastoriza formula unha observación relativa á denominación da fonte sobre a que formulou unha pregunta que figura recollida na páxina 08 do borrador da acta que se somete a aprobación.

Non producíndose ningunha outra intervención o sr. alcalde somete a aprobación o borrador da acta núm. 15/15 da sesión ordinaria da corporación municipal, correspondente ao mes de decembro, celebrada o pasado 10 de decembro de 2015 a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria, nominal a man alzada, acorda, por maioría do seus membros asistentes (15 votos a favor dos que 11 corresponden aos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 02 das concelleiras pertencentes ao grupo municipal do PP; 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE, e 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de SON e 01 abstención do sr. Santos Pires, pertencente ao grupo político municipal do PP que se abstén por non ter asistido á devandita sesión ordinaria do pleno), aproba a acta núm. 15/15 da sesión ordinaria da corporación municipal correspondente ao mes de decembro celebrada o pasado 10 de decembro de 2015.

## **2. XURAMENTO OU PROMESA DE D<sup>a</sup> INMACULADA CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ DÍAS PARA OCUPAR O CARGO DE CONCELLEIRA DO CONCELLO DE BUEU**

Logo da renuncia de D. Antonio Rosales Pedrouso, concelleiro da corporación municipal, da cal tomou coñecemento o Pleno en sesión ordinaria correspondente ao mes de decembro de 2015, celebrada o día 10 de decembro de 2015, pola Xunta Electoral Central foi remitida a Credencial de Concelleira correspondente a Dna. Inmaculada Concepción Rodríguez Días (RE núm. 12/2016 de 04.01.2016)

Considerando que o artigo 108.8 da Lei Réxime Electoral Xeneral establece que no momento de tomar posesión para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución así como cumprimentar os demais requisitos previstos sinalados nas leis ou regulamentos respectivos.

Considerando, ao respecto, a fórmula de xuramento vén establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas que dispón:



*“No acto de toma de posesión de cargos ou funcións públicas na Administración, quen haxa de dar posesión formulará ao designado a seguinte pregunta: jurais ou prometeis pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo... Con lealdade ao Rey, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado. Esta pregunta será contestada por quen haxa de tomar posesión cunha simple afirmativa. A fórmula anterior poderá ser substituída polo xuramento ou promesa prestado persoalmente por quen vai a tomar posesión, de cumprir fielmente as obrigacións do cargo con lealdade ao Rey de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”*

Tendo en conta, os requisitos previos previstos na Lei para este acto previstos no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local que establece a condición de que todos os membros das Corporacións Locais formulen antes da toma de posesión no cargo declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos e así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais.

Cumpridos os trámites anteriores tal e como queda acreditado no expediente que figura na documentación desta sesión plenaria, D<sup>a</sup> Inmaculada Concepción Rodríguez Días toma posesión do seu cargo.

O sr. Alcalde lle da a benvida á corporación municipal.

### **3. PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA AO REQUIRIMENTO PREVIO Á ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O ARRENDAMENTO DUN BEN INMOBLE (LOCAL DE OFICINAS) POR CONCURSO PÚBLICO PARA DESTINALO A OFICINA MUNICIPAL.**

Polo sr. alcalde dáse lectura literal do ditame favorable da Comisión Informativa permanente de Facenda municipal, modernización da administración local e réxime interior, adoptado en sesión ordinaria celebrada o 18.01.2016 relativo á proposta de alcaldía sobre o asunto de referencia, de 13.01.2016 que literalmente dí:

*“Rf.: P/C64/15*

*Proposta de alcaldía*

*Asto.- Requirimento previo á adxudicación no expediente de contratación para o arrendamento dun ben inmoible ( local de oficinas) por concurso público para destinalo a oficina municipal*

*O Pleno da corporación en sesión ordinaria celebrada o 5.10.2015 acordou aprobar o expediente de contratación para o arrendamento dun ben inmoible ( local de oficinas) por concurso público para destinalo a oficina municipal, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e prescricións técnicas por acordo adoptado na sesión ordinaria do 5.10.15, publicándose o correspondente anuncio da licitación no BOP de Pontevedra núm. 206 de 26.10.2015, máis no taboleiro de anuncios do concello e no perfil de contratante da web municipal.*

*Rematado o prazo de presentación de proposicións e, revisados os asentos do rexistro xeral dende o 27.10.15 ó 05.11.15, ambos inclusive, concorren as seguintes empresas según queda acreditado no informe da empregada municipal encargado do rexistro xeral do concello de data 6.11.15 relativo ás empresas que formularon proposicións para participar no procedemento aberto, que de seguido se relacionan:*

<b>Núm. e data do asento no rexistro xeral do concello</b>	<b>Identidade</b>
<i>RE núm. 9023 de 30.10.2015</i>	<i>ABANCA CORPORACION BANCARIA SA. CIF. A70302039 Rpte: Eladio Rodríguez Álvarez.DNI. 36040513-L</i>



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

En base ao procedemento previsto na cláusula 9 dos PCAP, a Mesa de contratación, na sesión celebrada con data de 6.11.2015, e trala verificación da documentación contida no sobre A da única proposición presentada en prazo o Presidente fai constar incidencias observadas na documentación, acordando que pola Secretaria da Mesa se faga requirimento a través de correo electrónico á ABANCA CORPORACION BANCARIA SA co fin de que subsane a documentación aportada.

Tendo aportado a documentación requirida por parte de ABANCA CORPORACION BANCARIA SA mediante escrito de 9.11.2015 e 10.11.2015 (RE núm.9217/15 de 9.11.2015 e 9276/15 de 10.11.2015 respectivamente) que permitiu efectuar o correspondente bastateo de poderes pola secretaria do concello con data 9.11.2015.

Cumprimentado o requirimento relativo á capacidade, a Mesa de contratación volveu reunirse na sesión celebrada o 12.11.2015, para a apertura do sobre B presentado pola única empresa licitadora que concorre co seguinte resultado:

<b>Identidade</b>	<b>OFERTA ECONOMICA</b>	<b>INSCRIPCION REXISTRAL/CATASTRAL</b>	<b>REPORTAXE FOTOGRAFICO</b>	<b>PLANOS</b>
ABANCA CORPORACION BANCARIA SA CIF. A70302039 Rpte: Eladio Rodríguez Álvarez DNI. 36040513-L	500 €/ mes (sen IVE)	Ref. Catastral 7861415NG1876S0002MU (DOC.2810.2015) Inf. Rexistral de 26.08.2014	Aporta	Aporta

Tendo en conta a documentación aportada a Mesa acorda por unanimidade dos seus membros con dereito a voto, requirir do arquitecto técnico municipal e vocal titular da mesa, a emisión de informe técnico relativo á visita ao local, a que fai referencia a cláusula 7.3 B) dos PCAP para a comprobación de que cumpren os requisitos técnicos mínimos do local previstos na cláusula 4 dos PPT.

Tendo emitido informe sobre adaptación do local ofertado por ABANCA o prego- requirimentos técnicos, polo arquitecto técnico municipal en data 18.11.2015, a Mesa reúnese novamente en sesión celebrada o 20.11.2015.

Trala dación de conta do informe do arquitecto técnico municipal de data 18.11.2015, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade dos seus membros con dereito a voto requirir de D. Eladio Rodríguez Álvarez en n/r de ABANCA CORPORACION BANCARIA SA CIF. A70302039 a seguinte documentación que permita á mesa acreditar o cumprimento dos requisitos mínimos esixidos na cláusula 4.2 dos PPT como presuposto previo e indispensable para proceder á valoración da oferta e formular a proposta que sexa procedente ao órgano de contratación: certificados de instaladores autorizados que xustifiquen o estado da instalación eléctrica e de fontanería en perfecto estado de funcionamento.

Pola representación legal de ABANCA CORPORACION BANCARIA S.A se aporta a documentación requirida en data 30.11.2015 ( RE 9903 de 30.11.2015). Asemade consta informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 11.1.2016 emitido trala visita do arquitecto técnico ó local.

Logo do anterior, a Mesa de contratación, en sesión celebrada con data de hoxe, formula a correspondente proposta de adxudicación a favor do único licitador que concorre no procedemento de referencia.

Á vista da documentación obrante no expediente administrativo e consonte o artigo 110.2 e Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro pola presente propoño ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1º Requirit a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A, CIF. A70302039, representante legal D. Eladio Rodríguez Álvarez, DNI nº 36.040.513-L para que no prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que houbese recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:



- a) *Ter aboado o importe dos anuncios de licitación en cumprimento da obriga imposta na cláusula 14 dos PCAP. Neste senso, deberá aboar 113,15 euros en concepto de gastos de publicación no BOP de Pontevedra do anuncio de licitación (BOP de Pontevedra núm.206 de 26.10.2015).O ingreso deberá efectuarse na seguinte conta bancaria do concello:IBAN: ES82 2080 5412 7231 1010 6776*
- b) *A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social*

*O incumprimento dos requisitos indicados nesta cláusula impedirá a adxudicación e formalización do contrato e dará lugar á obriga de indemnización do contratista polos danos e perdas a este Concello, que se calculan nun 3% do tipo de licitación. Así mesmo, o Concello entenderá que ese comportamento supón a retirada da súa oferta polo licitador.*

*2º Notificar o acordo a ABANCA CORPORACION BANCARIA S.A, CIF. A70302039, por medio de correo electrónico ([erodriguez@abanca.com](mailto:erodriguez@abanca.com)) como medio válido de comunicación/notificación aceptado expresamente polo licitador na documentación aportada no sobre A da súa proposición"*

Rematada a lectura do ditame o sr. alcalde declara aberto o debate:

### **Debate**

A sr. Santos Pires plantexa as seguintes dúbidas, por un lado, desexa saber se o informe técnico do arquitecto técnico do concello é favorable á proposta de adxudicación formulada pola mesa de contratación que figura no expediente administrativo e, por outra banda, desexa saber se se cumpriron todas as formalidades na tramitación do expediente. Ao respecto desta última cuestión, dubida do cumprimento do prazo previsto nos pregos relativo á antelación coa que debe publicarse a composición da mesa de contratación respecto á celebración da súa sesión constitutiva.

O sr. Alcalde resposta que os informes técnicos do arquitecto técnico municipal figuran no expediente e que non son desfavorables a oferta formulada polo único licitador que concorre, no primeiro deles entende necesario formular requerimento á empresa para que aporte uns certificados respecto das instalación eléctricas e de fontanería do local ofertado que aportan no mes de novembro e tras a visita de inspección que realiza informa do cumprimento dos requisitos mínimos contidos nas prescricións técnicas da licitación. Engade que o arquitecto técnico municipal forma parte da mesa de contratación que asiste ao órgano de contratación, como vocal titular da mesma, e que en ningunha das sesións ás que asistiu formulo ningunha observación en contra do local ofertado votando a prol da proposta de adxudicación a favor do local ofertado polo único licitador tal e como consta na derradeira sesión da mesa de contratación.

Respecto ao cumprimento das formalidades na tramitación do procedemento de contratación ás que alude o sr. Santos Pires, resposta que non lle ofrece dúbida algunha á legalidade na tramitación do procedemento

Non producíndose máis intervencións, o sr. alcalde somete a proposta de alcaldía, de 13.01.2016, relativa ao requirimento previo á adxudicación no expediente de contratación para o arrendamento dun ben inmovible (local de oficinas) por concurso público para destinalo a oficina municipal, a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

### **Votación e acordo**

O Pleno da corporación municipal en votación ordinaria, nominal, a man alzada por maioría absoluta do seus membros (13 votos a favor dos que 12 corresponden aos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS e 01 do concelleiro pertencente ao grupo político municipal de SON, 03 votos en contra que corresponden aos



concelleiros pertencentes ao grupo político municipal do PP e 01 abstención do concelleiro pertencente ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE), acorda :

1º Requirir a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A, CIF. A70302039, representante legal D. Eladio Rodríguez Álvarez, DNI nº 36.040.513-L para que no prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que houberse recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Ter aboado o importe dos anuncios de licitación en cumprimento da obriga imposta na cláusula 14 dos PCAP. Neste senso, deberá aboar 113,15 euros en concepto de gastos de publicación no BOP de Pontevedra do anuncio de licitación (BOP de Pontevedra núm.206 de 26.10.2015).O ingreso deberá efectuarse na seguinte conta bancaria do concello:IBAN: ES82 2080 5412 7231 1010 6776.

b) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O incumprimento dos requisitos indicados nesta cláusula impedirá a adxudicación e formalización do contrato e dará lugar á obriga de indemnización do contratista polos danos e perdas a este Concello, que se calculan nun 3% do tipo de licitación. Así mesmo, o Concello entenderá que ese comportamento supón a retirada da súa oferta polo licitador.

2º Notificar o acordo a ABANCA CORPORACION BANCARIA S.A, CIF. A70302039, por medio de correo electrónico ([erodriguez@abanca.com](mailto:erodriguez@abanca.com)) como medio válido de comunicación/notificación aceptado expresamente polo licitador na documentación aportada no sobre A da súa proposición.

#### **4. PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2016.**

Polo sr. alcalde dáse lectura literal do ditame favorable da Comisión Informativa permanente de Facenda municipal, modernización da administración local e réxime interior, adoptado en sesión ordinaria celebrada o 18.01.2016 relativo á proposta de alcaldía sobre o asunto de referencia, de 13.01.2016 que literalmente dí:

*“Proposta da alcaldía de aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de créditos 1/2016*

*Obxecto.*

*Finalizado o exercicio 2015 existen xustificantes de gasto devengados no exercizo 2015 e anteriores que non puideron ser aplicados ao orzamento por non existir crédito para os mesmos ou ser este insuficiente.*

*O artigo 26 do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos inclúe como excepción ao principio de temporalidade dos créditos, ademais dos establecidos polo texto legal, o recurso ao recoñecemento extraxudicial de créditos, mecanismo mediante o que, con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento en vigor, poden imputarse ao mesmo obrigas contraídas en exercicios anteriores, que no seu día non foron imputadas ao orzamento correspondente.*

*Asimesmo o artigo 60 establece que corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos.*

*O obxecto desta proposta e o recoñecemento extraxudicial de créditos para o recoñecemento de gastos de exercicios anteriores que se relacionan nos antecedentes.*

*Antecedentes.*

*\*Anexo I de facturas pertencentes a exercizos anteriores, formado por 4 páxinas, que comeza por GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.(A65067332) por importe de 12,63 € e remata no mesmo por importe de 746,58 € sendo o importe total 41.333,70 €.*



*\*Anexo II de facturas pertencentes a exercizos anteriores, formado por 3 páxinas, que comeza por GAS NATURAL SERVICIOS S.A (A08431090) por importe de 43,28 € e remata no mesmo por importe de 1283,41€ sendo o importe total 85.826,43 €.*

*\*Informe de Intervención Xeral do Concello de Bueu de data 13 de xaneiro de 2016*

*Vistos os antecedentes expostos anteriormente, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2016 formado por:*

*Anexo I. Facturas pertencentes a exercizos anteriores, formado por 4 páxinas, que comeza por GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.(A65067332) por importe de 12,63 € e remata no mesmo por importe de 746,58 € sendo o importe total 41.333,70 €.*

*Anexo II. Facturas pertencentes a exercizos anteriores, formado por 3 páxinas, que comeza por GAS NATURAL SERVICIOS S.A (A08431090) por importe de 43,28 € e remata no mesmo por importe de 1283,41 € sendo o importe total 85.826,43 €.*

*Aprobar os gastos e recoñecer as obrigas por importe de 127.160,13 € con cargo as aplicacións do orzamento do 2016 do Concello de Bueu relacionados no Anexo I e Anexo II."*

Rematada a lectura do ditame o sr. alcalde declara aberto o debate:

### **Debate**

O sr. Santos Pires pregunta si todas as facturas son do ano 2015 ou hai algunha de 2014.

O sr. Alcalde respotas que a maioría das facturas que conforman o expediente foron presentadas por rexistro ao longo do ano 2015 e responden a gastos efectuados no ano 2015 aínda que existen tamén facturas presentadas no ano 2015 por gastos efectuados no ano 2014 e tamén hai algunha factura do ano 2014 presentada nese exercizo.

O sr. Santos Pires pide aclaracións sobre os motivos polos que se aproban facturas neste exercizo por gastos de exercizos anteriores presentadas en anos anteriores.

O sr. Alcalde resposta que os orzamentos en moitas ocasións non soportan o incremento do gasto efectuado respecto das previsións iniciais en base ás cales foron elaborados e obrigan a facer uso deste procedemento extraordinario.

Engade que no exercizo anterior houbo algúns gastos que medraron de forma considerable, tales como os correspondentes á Mancomunidade do Morrazo e o gasto eléctrico, e que descompensaron as aplicacións orzamentarias de gasto dificultando as posibilidades e a capacidade da facenda local de facer fronte a gastos puntuais en prazo. En calquera caso, adianta que o goberno pretende deixar en dous anos liquidado o gasto pendente.

O sr. Villanueva González desexa que por parte do interventor do concello que asiste á sesión sexa explicado tanto á veciñanza como á corporación a legalidade ou non do expediente que está a debaterse e, en concreto, se os gastos polos que se factura foron ou non obxecto de reparo.

O sr. Alcalde considera que na proposta se dan as explicacións suficientes respecto do expediente que está a debaterse e que no expediente xa consta incorporado o correspondente informe de fiscalización do interventor do concello facendo innecesaria a súa intervención neste punto da orde do día. Engade que as explicacións respecto das propostas que se someten a debate e votación do pleno da corporación corresponde darllas ao alcalde e, no seu



caso, aos concelleiros con responsabilidades nas diferentes áreas do goberno municipal e no aos técnicos do concello. Remata manifestando que o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito está previsto na norma e non é novo, noutras ocasións, xa se someteron diferentes procedementos deste tipo á consideración do Pleno.

O sr. Villanueva González insiste na necesidade de que o interventor asesore á corporación neste asunto da orde do día xa que ademais entende de que o seu asesoramento é unha das razóns pola que asiste ás sesións plenarias e gustaríalle coñecer a súa opinión sobre todo antes de pasar ao punto da orde do día no que da conta dos seus reparos.

O sr. Alcalde resposta que o interventor non forma parte da corporación municipal e reitera a súa manifestación anterior e engade que o interventor, pode solicitar a palabra para clarexar cualquier cuestión de legalidade que entenda debe ser clarexada ao longo da sesión.

O sr. García Cuervo intervén no debate para manifestar que na sesión da comisión informativa que ditaminou o asunto deu lectura das conclusións contidas no informe de fiscalización do interventor a este expediente e que naquel momento non se formulou ningunha cuestión, sendo a comisión informativa o órgano de estudo, informe e consulta previa dos expedientes que se someten ao pleno e ao que tamén asiste o interventor do concello.

O sr. Villanueva González resposta que non tivo tempo para ver o expediente.

O sr. García Cuervo respóndelle que ten a obriga como concelleiro de coñecer os expedientes e este é o obxecto da convocatoria das sesións ordinarias das comisións informativas permanentes co tempo de antelación que prevé a norma. Remata a súa intervención manifestando que o informe do interventor non é desfavorable.

O sr. Santos Pires intervén para manifestar que un informe que non diga que non desfavorable non significa que sexa favorable e anuncia o seu voto en contra da proposta polas súas dúbidas sobre a legalidade do mesmo e porque non ten asesoramento legal do concello.

O sr. Vilas Pastoriza recoñece que se os servizos e suministros polos que se emite factura se realizaron o concello ten a obriga de pagar pero cuestiona a xestión do goberno ao non considerar normal que se pague no ano 2016 facturas que se corresponden con gastos dos anos 2014 e 2015 xa que considera que cando os orzamentos se elaboran e aproban o gasto debe axustarse as súas previsións iniciais.

Non considera unha boa práctica na xestión da facenda municipal ter que acudir a este tipo de procedementos e respecto da fiscalización efectuada polo interventor considera, polo contido do seu informe, que advirte da inexistencia de actos administrativos que sirvan de soporte xurídico a determinados gastos como o de subministro de enerxía eléctrica e considera que non hai vontade política de facelo sendo necesario, entre outros, para aforrar en gastos como este.

O sr. Alcalde resposta que o desexo de goberno e pagar ao día e intenta xestionar a facenda local para facelo así pero os recursos son limitados e os gastos son cada vez maiores tratando día a día de facer máis cousas. Neste senso, que o concello invista en saneamento, pavimentación, alumeados, eficiencia enerxética e outros, mantenza e incrementa axudas sociais, no eido cultural e deportiva e por outra banda conxela algunha das súas principais fontes de ingresos (taxas e impostos municipais) mentres ven incrementadas as súas obrigas con outras administracións públicas (IVE, SOGAMA...) leva a imposibilidade de garantir o





recoñecemento de todas as obrigas dentro do ano natural correspondentes tendo que acudir a esta forma extraordinaria de recoñecemento do crédito a favor de terceiros.

Engade que non derradeiros anos o goberno municipal reduciu a débeda municipal respecto de anos anteriores ao tempo que puxo en marcha novas políticas sociais.

Por outra banda se iniciaron varios procedementos de contratación para regularizar situacións como as que sinala o interventor no seu informe respecto do subministro de enerxía eléctrica pero considera importante ter en conta que é moi dificultoso, para algúns subministros e servizos dunha especial natureza técnica, definir as prescricións técnicas da licitación, tendo en conta a insuficiencia de medios personais técnicos no concello.

Non producíndose máis intervencións, o sr. alcalde somete a proposta de alcaldía, de 13.01.2016, relativa á aprobación do expediente de Recoñecemento Extraxudicial de créditos 1/2016 a votación ordinaria, nominal e a manalzada co seguinte resultado:

### **Votación e acordo**

O Pleno da corporación municipal en votación ordinaria, nominal, a manalzada por maioría absoluta dos seus membros (12 votos a favor que corresponden aos concelleiros asistentes pertencentes ao grupo municipal do BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, 03 votos en contra que corresponden aos concelleiros pertencentes ao grupo político municipal do PP e 02 abstencións das que 01 corresponde ao concelleiro pertencente ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE e 01 corresponde ao concelleiro pertencente ao grupo político municipal do SON), acorda :

1º.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2016 formado por:

Anexo I. Facturas pertencentes a exercizos anteriores, formado por 4 páxinas, que comeza por GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.(A65067332) por importe de 12,63 € e remata no mesmo por importe de 746,58 € sendo o importe total 41.333,70€.

Anexo II. Facturas pertencentes a exercizos anteriores, formado por 3 páxinas, que comeza por GAS NATURAL SERVICIOS S.A (A08431090) por importe de 43,28 € e remata no mesmo por importe de 1283,41 € sendo o importe total 85.826,43 €.

2º.- Aprobar os gastos e recoñecer as obrigas por importe de 127.160,13 € con cargo as aplicacións do orzamento do 2016 do Concello de Bueu relacionados no Anexo I e Anexo II

## **5. DACIÓN CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA HABIDAS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA.**

Pola Presidencia dáse conta das resolucións da alcaldía habidas dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a disposición dos sres. concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan:

nº	data	extracto do seu contido
1077	09/12/15	Aprobación Plan Seguridade e Saúde contrato mixto <i>Sinaléctica Concello de Bueu, Fase I</i>
1078	09/12/15	Solicitude á Deputación autorización emprego baixa Proxecto Sinaléctica, na obra Subministro Luminarias P.Fontenla e Avd.Marin
1079	03/12/15	(con levantamento de reparo)
1080	30/11/15	(con levantamento de reparo)
1081	02/12/15	Contratación de Fco. José Nogueira Rial e 4 máis como peóns limpeza
1082	11/12/15	Incoación procedemento modificación contrato Servizo Axuda no Fogar
1083	14/12/15	Requirimento previo adxudicación contrato obra Pavimentación 4 camiños municipais
1084	14/12/15	Resolución da solicitude de declaración de nulidade e sub sidariamente da anulabilidade da resolución de Alcaldía num. 69/2015 . Asunto: Orde de desaloxo como actuación previa á execución forzosa da obra de "Demolición parcial Edificio sito na Avenida de Loureiro, num. 14, denominado Edificio Pintos



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

1085	01/12/15	Audiencia expte. comunicación previa troco titularida de cafetería-pub Zappa, a Alberto Gómez Masenlle
1086	10/12/15	Aprobación axudas básicas de emerxencia social
1087	04/12/15	Contratación de Víctor M. Blanco Estévez e Antonio Abelendo Iglesias, como peóns limpeza
1088	14/12/15	Denegación solicitude declaración nulidade orde desaloxo Edificio Pintos (duplicada coa 1084 de 14.12.2015)
1089	15/12/15	Aprobación gasto desprazamento, peaxe e parking
1090	09/12/15	Autorización celebración voda civil a Rubén Gómez Mandado
1091	09/12/15	Aprobación gasto e orde pagamento costas xudiciais
1092	10/12/15	Resolución reclamacións fiscais 13/15
1093	24/11/15	Aprobación expte. modificación créditos 24/15, xeración 09/15, por unha contía de 2.799,48 €
1094	17/12/15	Convocatoria Xunta de Goberno 21/12/15
1095	17/12/15	(con levantamento de reparo)
1096	17/12/15	Aprobación liquidacións asistencias concelleiros a órganos colexiados, mes outubro
1097	17/12/15	Aprobación liquidacións asistencias concelleiros a órganos colexiados, mes novembro
1098	18/12/15	Delegación presidencia acto voda civil no Concelleiro Fidel Castro Quiroga
1099	17/12/14	Remate relación laboral con Salvador Piñeiro Ferradanes e Francisco Riobó Estévez
1100	17/12/15	Remate relación laboral traballadores II Plan Provincial Conservación e Funcionamento Bens e Servizos Municipais
1101	17/12/15	Remate relación laboral peóns Ángel L. Rúa Dopazo e 4 máis, no marco de persoas en situación de risco de exclusión social
1102	14/12/15	Solicitude subvención á Deputación, para adquisición desfribiladores, mantemento e reparación instalacións deportivas
1103	16/12/15	Recurso reposición Santiago Peña Castiñeira, resolución desestimento expte. comunicación previa obras menores
1104	16/12/15	Aprobación gasto e orde pagamento anticipo reintegrable ó funcionario Andrés González Lamosa
1105	14/12/15	Nomeamento de Mª Carmen Juncal del Río como suplente posto Xefe Negociado Estatística, 14/12 a 08/01/16
1106	15/12/15	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros crédito a longo prazo BBVA
1107	15/12/15	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros crédito a longo prazo BBVA
1108	15/12/15	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros crédito a longo prazo BCLE
1109	15/12/15	Aprobación liquidación cota anual amortización e xuros crédito a longo prazo BCLE
1110	15/12/15	Aprobación liquidación cota anual amortización e xuros mes decembro crédito a longo prazo BCLE
1111	15/12/15	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros préstamo BCLE
1112	15/12/15	Aprobación liquidación cota trimestral amortización e xuros préstamo La Caixa
1113	22/12/15	Adxudicación obra <i>Pavimentación 4 camiños municipais: Camiño Meiro-A Portela</i>
1114	23/12/15	Aceptación renuncia como funcionario interino, de Víctor M. Martínez Couto
1115	21/12/15	Orde a Inversiones Inmobiliarias Marvil execución medidas seguridade árbores que afectan ó Cemiterio de Beluso
1116	21/12/15	Aprobación nómina persoal mes decembro e paga extra
1117	30/11/15	Orde pagamento cota arrendamento financeiro máquina limpa praias
1118	21/12/15	Aprobación proxecto modificado <i>Reparación cuberta e acondicionamento interior Casa da Aldea de Meiro</i>
1119	11/12/15	Xustificación gastos I Plan de Conservación e Funcionamento Bens e Servizos Municipais
1120	18/12/15	(con levantamento de reparo)
1121	22/12/15	Orde pagamento obriga Club Jubilados y Pensionistas Vila de Bueu
1122	22/12/15	Orde pagamento obrigas por unha contía global de 65.123,67 €
1123	29/12/15	Nomeamento de Silvia Carballo González represente no Consello de membros da Rede Dinamización Lingüística
1124	22/12/15	Aprobación axudas básicas emerxencia social
1125	28/12/15	Adhesión ó convenio marco de colaboración coa Deputación e varios concellos, para actuacións en sendeiros azuis
1126	21/12/15	Prescrición expte. sancionador R/S66-15 incoado a FCC Aqualia, por atascamento colector inmediacións Campo Fútbol A Graña
1127	28/12/15	Autorización celebración voda civil a María José García Alonso
1128	28/12/15	Aprobación liquidacións asistencias tribunais selección persoal
1129	28/12/15	Aprobación gasto e orde pagamento ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, programa Xantar na Casa
1130	28/12/15	(con levantamento reparo)
1131	29/12/15	Concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física, a Dna. Ramona Graña Priego
1132	30/12/15	Ampliación prazo modificación contrato Servizo Axuda no Fogar
1133	29/12/15	Recoñecemento obriga premio do público FIC 2015
1134	29/12/15	Desestimando Reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por D. Antonio Manuel Trujillo Ureña en representación de ASEGRUP e D. José Alonso Rodríguez, por danos en vehículo
1135	28/12/15	Xubilación forzosa do funcionario Julián García Ruiz
1136	23/12/15	Contratación 3 peóns de limpeza mediante contrato temporal de duración determinada por acumulación de tarefas
1137	30/12/15	Resolución de suplencia por ausencia do administrativo xefe de negociado de urbanismo e medio ambiente
1138	30/12/15	Aprobación Certificación 1 e factura das obras de "Reparación e Melloras no Pavillón Municipal de Deportes Pablo Herbello"
1139	18/12/15	Aprobación gastos da Seguridade Social do mes de Novembro de 2015 por importe de 56.463,92€
1140	31/12/15	Aprobación liquidación trimestral da operación de tesourería num. 9300-02-1098341-92 formalizada con CAIXA BANK S.A polo importe de 143,50 €
1141	28/12/15	Aprobación gastos e ordeación de pagos da Taxa de Portos de Galicia, polo importe de 1.648,39 €
1	02/01/16	Prórroga do orzamento do Concello de Bueu e do organismo Autónomo de Deportes IMD
2	07/01/16	Aprobación gastos e ordear pagos da diferenza pendente de percibir pola execución da sentenza despido/ceses 501/14 ó traballador Salvador Piñeiro Ferradanes



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

3	12/01/16	Aprobación gastos e ordear pagos da diferenza pendente de percibir pola execución da sentenza despido/ceses 352/201 ó traballador Francisco Manuel Riobó Estévez
4	12/01/16	Devolución aval bancario subscrito por IDADES S.L. por mor da constitución dun novo aval como consecuencia da modificación do contrato do "Servizo de Axuda no Fogar"
5	13/01/16	Restauración da legalidade urbanística num. 01/2015
6	15/01/16	Convocatoria Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 18.01.16
7	08/01/16	Caducidade de expediente sancionador R/S11-15 incoado fronte a FCC AQUALIA S.A. por incumprimentos de requerimento efectuado en orde a enmendar as deficiencias advertidas no funcionamento da EDAR de Bueu, na auditoría do cuarto trimestre do ano 2013 e actuacións subseguintes
8	12/01/16	Incoación expediente sancionador a FCC Aqualia S.A. por falta grave, en atención ás deficiencias advertidas na prestación do servizo en informe técnico sobre turbidez na rede de distribución de auga potable no concello de Bueu
9	12/01/16	Incoación procedemento sancionador a FCC Aqualia S.A. en atención ás deficiencias advertidas na prestación do servizo en informe técnico de vertidos de augas fecais na Praia de Roiba o 15 de Maio de 2015
10	15/01/16	Aprobación Plan de Seguridade e Saúde da obra "Pavimentación de catro camiños Municipais con cargo ó Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación Provincial de Pontevedra (PPOS 2015)
11	15/01/16	Resolución convocatoria Xunta de Goberno Local 18/01/2016
12	18/01/16	Resolución convocatoria Pleno da corporación Municipal correspondente ó mes de xaneiro de 2016

Non facendo uso da palabra ningún nos concelleiros asistentes á sesión, polo sr. alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal das resolucións habidas dende a última sesión ordinaria.

### **6. DACIÓN CONTA DOS REPAROS DE LEGALIDADE FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA.**

Pola Presidencia enténdese dada conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención do concello dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a disposición dos sres. concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan:

nº	data	extracto do seu contido
1079	03/12/15	Recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas 18/15, por unha contía global de 30.000,89 €
1080	30/11/15	Recoñecemento obrigas correspondentes ás axudas de emerxencia social
1095	17/12/15	Recoñecemento obrigas convenio de colaboración coa Asociación de Xubilados e Pensionistas de Bueu
1120	18/12/15	Recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas núm. 19/15, por unha contía global de 65.123,67 €
1130	28/12/15	Recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas núm. 20/15, por unha contía global de 6.291,77 €

Non formulándose ningunha intervención, polo sr. alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a última sesión ordinaria.

### **7. ROGOS E PREGUNTAS**

◆ A sr. Santos Pires formula os seguintes rogos e preguntas:

- Reitera o rogo respecto do informe que ía pedirse á secretaria da mancomunidade de concellos do Morrazo respecto dun rogo formulado en sesións anteriores. E roga a emisión de informe da secretaria do concello respecto do cumprimento da legalidade do réxime de adicacións dos membros da corporación municipal

O sr. Alcalde resposta que xa está feito o informe da mancomunidade e respecto do informe da secretaria do concello xa fai tempo que lle requiriu a súa emisión.

- O alcalde faltou a súa palabra de facer un borrador de orzamentos participativo e de sometelo a aprobación inicial ao longo do mes de xaneiro xa que está a rematar o mes e aínda non se convocou sesión da comisión informativa de facenda.



O sr. Alcalde resposta que o concelleiro delegado de facenda entregou fai semanas aos voceiros dos grupos da oposición un borrador de orzamentos para traballar sobre ellos e que os grupos propuxeran o que considerasen ao respecto e en ningún caso faltou a súa palabra respecto á participación da oposición. Respecto a traer os orzamentos ao pleno de xaneiro, en ningún momento tratou de faltar a este compromiso, pero era unha data estimada que foi imposible cumprir entre outros, por cambios no departamento de intervención, polo cese do seu xefe de negociado e a acumulación de traballo e expedientes nesta dependencia que imposibilitó a convocatoria da mesa de negociación do catalogo e plantel que deben acompañar o expediente

◆ A sra. Otero González da a benvinda á corporación á nova concelleira e formula a seguinte pregunta:

a) ¿A qué administración corresponde o mantemento do polígono industrial? Hai algúns problemas por arbores fronte a algunhas das naves industriais que poden supoñer un perigo?

O alcalde resposta que o solo onde se ubican as naves el núcleo rural e a competencia é municipal pero fora do polígono o solo é rústico e a competencia para resolver é da Xunta de Galicia a través da Axencia de protección de legalidade urbanística sen perxuízo de que o inicio do procedemento sexa competencia do concello. En calquer caso dende o departamento de urbanismo se inician os correspondentes procedementos para ditar ordes de execución para garantir que as fincas esten en condicións de seguridade en base as inspeccións efectuadas polos técnicos ou a policía local.

O sr. Santos Pires solicita que se requira aos propietarios de fincas colindantes ao cemiterio municipal polo mesmo motivo que o sinalado pola sra. Otero Gonzalez.

Rematado o turno de rogos e preguntas, e non habendo mais asuntos a tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 21:55 horas do día ó principio sinalado, de todo o que, en canto Secretaria Xeral do concello, dou fe.

A secretaria,

Nuria Lobato del Río

Vº Pr.  
O alcalde,

Félix Juncal Novas